

**ACTA NUMERO VINTE DAS CELEBRADAS POLA CORPORACIÓN
MUNICIPAL EN PLENO DESTE CONCELLO EN SESIÓN ORDINARIA O
DÍA QUINCE DE XANEIRO DE DOUS MIL NOVE :-----**

=====

PRESIDENTA:

D^a. Catalina González Bea

CONCELLEIROS:

D. Salvador Duran Bermúdez
D^a M^a Paz Lago Martínez
D. Angel Casal Moldes
D. Constantino Sanmartín Quiñones
D^a Almudena Aguín Fernández
D. Manuel López Méndez
D^a Susana Fernández Trelles
D. Martín Otero Otero
D. Roberto-Alfonso Fernández Lores
D. David Otero Domínguez
D^a Sandra Fernández Agraso
D^a M^a Dulcinea Aguín Pombo
D. Manuel Lores Puente
D. José-Luis Rodríguez Lorenzo

NON ASISTEN :

D^a Gloria González Camiña
D. José-Ramón López Fernández

SECRETARIO :

D^a. M^a del Carmen Merino Moína.

=====

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Sanxenxo, sendo as vinte horas e trinta e cinco minutos do día quince de Xaneiro de dous mil nove.- Baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa D^a. CATALINA GONZÁLEZ BEA, reuníronse no Salón de Sesións os Sres. Concelleiros que ó marxe se relacionan co fin de celebra-la sesión ordinaria da Corporación Municipal en Pleno deste Concello, convocada para o día de hoxe en tempo e forma. Pola Presidencia declárase aberta e pública a sesión, ó obxecto de trata-los asuntos incluídos dentro da Orde do Día da convocatoria circulada ó efecto.-----

ACTA ANTERIOR :

240 : APROBACION, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESION CELEBRADA O DIA 19 DE DECEMBRO DE 2008 : Polo Sr. **Presidente** pregúntaselle os asistentes á sesión se algún Concelleiro ten que formular algunha observación á acta que se somete a aprobación.

Ó non se formular ningunha observación, aprobouse a referenciada acta por unanimidade.-----

241 : ADXUDICACIÓN PROVISIONAL DO SERVIZO DE LIMPEZA E CONSERXERÍA DAS INSTALACIÓNS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE SANXENXO DEPENDENTES DA ENTIDADE LOCAL E DOS ORGANISMO AUTÓNOMOS ADMINISTRATIVOS : Pola Sra. **Secretaria** dáse conta do ditame da Comisión Especial de Contas, Asuntos Económicos e Patrimonio que literalmente di:

“””””2.- ADXUDICACIÓN PROVISIONAL DO SERVIZO DE LIMPEZA E CONSERXERÍA DAS INSTALACIÓNS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE SANXENXO DEPENDENTES DA ENTIDADE LOCAL E DOS ORGANISMOS AUTÓNOMOS ADMINISTRATIVOS.-
Dáse conta da proposta da alcaldía que, copiada di:

“SERVIZO DE LIMPEZA E CONSERXERÍA DAS INSTALACIÓNS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE SANXENXO DEPENDENTES DA ENTIDADE LOCAL E DOS ORGANISMOS AUTÓNOMOS ADMINISTRATIVOS- ADXUDICACIÓN PROVISIONAL.-

- Visto o expediente tramitado para a contratación, mediante procedemento aberto, do servizo de limpeza e conserxería das instalacións municipais do Concello de Sanxenxo dependentes da Entidade Local e dos Organismos Autónomos Administrativos, por un prezo de licitación de 928.015,12 €/ano, sen IVE, e un prazo de catro anos.

- Aprobado o expediente de contratación mediante acordo do pleno municipal de data 30 de outubro de 2008 e publicado o anuncio de licitación no Diario Oficial da Unión Europea, no BOE, no DOG e no BOP.

- Vista a acta de apertura das proposicións, resulta que foron presentadas e admitidas as seguintes:

PLICA NUM. UN: Da empresa "VALORIZA FACILITIES, S.A.U", de Madrid, que oferta realizar o servizo polo prezo de 899.896,15 euros/ano, sen IVE.

PLICA NUM. DOUS: Da empresa "SAMYL S.L.", de Vigo-Pontevedra, que oferta realizar o servizo polo prezo de 888.393,86 euros/ano, sen IVE.

- Visto o informe técnico sobre puntuación de proposicións conforme ós criterios de adxudicación e valoración establecidos nos pregos de condicións.

- Vista a proposta de adxudicación, realizada pola mesa de contratación a favor da empresa "SAMYL S.L.", que da constancia da seguinte puntuación:

PLICA NUM. UN: Da empresa "VALORIZA FACILITIES, S.A.U", 71,28 puntos.

PLICA NUM. DOUS: Da empresa "SAMYL S.L.", 95,00 puntos.

- Fiscalizado favorablemente o expediente pola intervención xeral do Concello

Esta alcaldía propón ó Pleno municipal a adopción do seguinte acordo:

Primeiro: Adxudicar provisionalmente o servizo de "limpeza e conserxería das instalacións municipais do Concello de Sanxenxo dependentes da Entidade Local e dos Organismos Autónomos Administrativos", á empresa "**SAMYL S.L.**" no prezo de

OITOCENTOS OITENTA E OITO MIL TRESCENTOS NOVENTA E TRES CON OITENTA E SEIS (888.393,86 Euros/ano, sen IVE) EUROS/ANO, SEN IVE, por un período de catro anos; con suxeición á oferta económica presentada e ós pregos de condicións económico administrativas e técnicas que rexen esta contratación.

Segundo: Delegar na alcaldía a adxudicación definitiva do contrato. Pasados 15 días hábiles dende o seguinte ó da publicación deste acordo no perfil de contratante, elevarase a definitiva a adxudicación provisional, unha vez se acredite polo adxudicatario a documentación prevista nos pregos e se consigne a fianza definitiva. O respectivo contrato formalizarase en documento administrativo no prazo de 10 días hábiles a contar dende o seguinte ó da notificación da adxudicación definitiva."

A concelleira sra. Aguíñ Pombo dille a alcaldesa que ten coñecemento de que hai diversos traballadores que están contratados por horas determinadas e que xa fixeron varias solicitudes para ampliación do horario, así como do contrato.

A alcaldesa indícalle que non é o Concello senón a empresa adxudicataria a que fixa as horas determinadas dos traballadores mediante os ratios establecidos por metro cadrado dos locais nos que se practican as limpeza.

O sr. Rodríguez Lorenzo indica que podría rebatirlle a alcaldesa a contestación pero que o punto do orde do día non é para eso senón para adxudicar dito servizo.

Sometido a votación o punto do orde do día ofrece o seguinte resultado:

Votos a favor: Oito (grupo municipal do P.P.)

Votos pola abstención: Seis (grupo municipal do B.N.G., grupo municipal socialista de Sanxenxo e grupo mixto).

En consecuencia próponse ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

Primeiro: Adxudicar provisionalmente o servizo de " limpeza e conserxería das instalacións municipais do Concello de Sanxenxo dependentes da Entidade Local e dos Organismos Autónomos Administrativos", á empresa "**SAMYL S.L.**" no prezo de **OITOCENTOS OITENTA E OITO MIL TRESCENTOS NOVENTA E TRES CON OITENTA E SEIS (888.393,86 Euros/ano, sen IVE) EUROS/ANO, SEN IVE**, por un período de catro anos; con suxeición á oferta económica presentada e ós pregos de condicións económico administrativas e técnicas que rexen esta contratación.

Segundo: Delegar na alcaldía a adxudicación definitiva do contrato. Pasados 15 días hábiles dende o seguinte ó da publicación deste acordo no perfil de contratante, elevarase a definitiva a adxudicación provisional, unha vez se acredite polo adxudicatario a documentación prevista nos pregos e se consigne a fianza definitiva. O respectivo contrato formalizarase en documento administrativo no prazo de 10 días hábiles a contar dende o seguinte ó da notificación da adxudicación definitiva""""".

Inicia o debate **D. José Luis Rodríguez Lorenzo, voceiro do Grupo Municipal Mixto e representante do "VIPS"**, indicando que á vista do expediente tramitado apoiará a proposta.

A **voceira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo, D^a. Dulcinea Aguíñ Pombo**, indica que reitera o manifestado na Comisión informativa sobre a posibilidade de incrementar a xornada laboral ós traballadores do CEIP de Noalla, de acordo coas peticións do Director do Centro.

O **voceiro do Grupo Municipal do BNG, D. Roberto A. Fernández Lores**, expón que apoiará a proposta, e sinala que, na contratación anterior deste servizo, integrouse á oposición na Mesa de contratación.

A **Sra. Alcaldesa** manifesta que efectivamente a Mesa de Contratación do expediente anterior constituíuse de forma máis amplía porque se puxo en marcha este servizo, pero que na contratación que se está a tramitar as características do servizo son moi similares ó anterior, primando o informe técnico.

A **Sra. Alcaldesa** agradece o apoio do Grupo Municipal do BNG e do Grupo Municipal Mixto á proposta, e discrepa da intervención da voceira do Grupo Municipal

Socialista. Indica á Sra. Aguín Pombo que o Concello licita un concurso para a prestación do servizo de limpeza de tódalas instalacións e centros de acordo cunha “ratio” común, que o Concello non pode intervir nin nas condicións laborais entre a empresa e os traballadores nin na demanda de algún traballador fronte a empresa o que suporía un agravio comparativo, e que si non hai incremento do espazo a limpar non debera haber aumento do tempo de traballo.

D^a Dulcinea Aguín Pombo sinala que nun escrito dirixido ó Concello polo Director do centro de Noalla, de data 13 de xaneiro do actual, se reclama un incremento do tempo de limpeza por resultar insuficiente a actual prestación de servizo.

Concluído o debate, e sometido o ditame a votación acadouse o seguinte resultado:

Votos a **favor: trece (Grupo Municipal do PP, Grupo Municipal do BNG e Grupo Municipal Mixto).**

Votos pola **abstención : dous (Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo).**

En consecuencia, a Corporación Municipal en Pleno, por maioría, acordou :

PRIMEIRO : Adxudicar provisionalmente o servizo de "**LIMPEZA E CONSERXERÍA DAS INSTALACIÓNS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE SANXENXO DEPENDENTES DA ENTIDADE LOCAL E DOS ORGANISMOS AUTÓNOMOS ADMINISTRATIVOS**", á empresa "**SAMYL S.L.**" no prezo de **OITOCENTOS OITENTA E OITO MIL TRESCENTOS NOVENTA E TRES EUROS CON OITENTA E SEIS CÉNTIMOS (888.393,86 Euros/ano, sen IVE) EUROS/ANO, SEN IVE**, por un período de **CATRO (4) ANOS**; con suxeición á oferta económica presentada e ós pregos de condicións económico administrativas e técnicas que rexen esta contratación.

SEGUNDO : Delegar na Alcaldía a adxudicación definitiva do contrato. Pasados 15 días hábiles dende o seguinte ó da publicación deste acordo no perfil de contratante, elevarase a definitiva a adxudicación provisional, unha vez se acredite polo adxudicatario a documentación prevista nos pregos e se consigne a fianza definitiva. O respectivo contrato formalizarase en documento administrativo no prazo de 10 días hábiles a contar dende o seguinte ó da notificación da adxudicación definitiva.-----
-

242 : APROBACIÓN PROXECTOS DE INVESTIMENTO A FINANCIAR CON CARGO AO FONDO ESTATAL DE INVESTIMENTO LOCAL : Pola **Sra. Secretaria** dáse conta do ditame da Comisión Especial de Contas, Asuntos Económicos e Patrimonio, que literalmente di:

“”””3.- APROBACIÓN PROXECTOS DE INVESTIMENTO A FINANCIAR CON CARGO AO FONDO ESTATAL DE INVESTIMENTO LOCAL.- Dase conta da proposta da alcaldía que, copiada, di:

“APROBACIÓN DE PROXECTOS A FINANCIAR CON CARGO Ó FONDO ESTATAL DE INVESTIMENTO LOCAL.

Examinado o Real Decreto-Lei 9/2008, de 28 de novembro, polo que se crea o Fondo Estatal de Investimento Local, dotado con

8.000 millóns, que ten por obxecto aumentar o investimento público no ámbito local mediante o financiamento de obras de nova planificación e execución inmediata, competencia das entidades locais, coa finalidade de dinamizar a actividade económica e incidir na creación de emprego.

Visto o importe asignando ó Concello de Sanxenxo, que acada a contía de 3.022.429 €

Visto o artigo 3 do RDL 9/2008, sobre as características dos proxectos subvencionables con cargo ó Fondo.

Visto o artigo 5 do RDL 9/2008, sobre os requisitos das solicitudes de financiamento dos proxectos de investimento.

Esta alcaldía propón ó Pleno municipal a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar os seguintes proxectos de investimento de acordo con estes importes:

Nº	DENOMINACIÓN	ORZAMENTO EXEC. CONTRATA
1	Pavimentación de vias municipais en A Granxa – Dorrón	121.607,83 €
2	Pavimentación de vias municipais en A Costa e Magalans – Dorrón	137.384,56 €
3	Acondicionamento do acceso ao núcleo de Nantes	119.663,05 €
4	Colector de pluviais e pavimentación de vial municipal en Lagarei – Vilalonga.	28.367,10 €
5	Pavimentación de vial municipal en Piñeiros – Vilalonga	36.616,34 €
6	Abastecemento de auga e pavimentación de vial municipal en Dadín – Nantes.	28.719,72 €
7	Pavimentación de vial municipal en Gondar – Vilalonga	20.987,64 €
8	Pavimentación e canalizacións para servizos urbanos no núcleo de Bordóns.	159.728,83 €
9	Servizos urbanos e pavimentación en Baltar – Adina	439.546,04 €
10	Mellora de áreas infantís no termo municipal de Sanxenxo	280.013,13 €
11	Pavimentación de vial municipal en Dadín – Vilalonga	51.617,54 €
12	Colector para a recollida de pluviais en a Salgueira – Vilalonga.	32.050,03 €
13	Instalación de alumeadado público na parroquia de Nantes.	201.224,47 €
14	Execución de pasos de peóns elevados para a mellora da seguridade vial en varias parroquias do Concello.	124.236,00 €
15	Construción, suministro e colocación de marquesinas para bus en varias parroquias do Concello.	46.980,03 €
16	Abastecemento de auga e pavimentación de vial municipal en Aldariz – Padriñan.	54.078,77 €
17	Ensanche e pavimentación de vial municipal en Barreiro – Dorrón.	69.413,41 €
18	Execución de 32 nichos funerarios no cemiterio municipal de Dorrón	43.885,68 €
19	Pavimentación de vial en Contumil	55.331,93 €
20	Instalación de recollida de augas pluviais no lugar de Carabuxeira – Padriñan.	19.871,80 €
21	Instalación de rede de saneamento e pavimentación de vial municipal en Miraflores – Padriñan.	144.270,26 €
22	Soterrado de liña de baixa tensión e instalación de alumeadado público no lugar de Carabuxeira – Padriñan.	58.302,06 €
23	Pavimentación de vial en Seixal – Padriñan.	33.597,56 €
24	Pavimentación da rúa Coruña – Sanxenxo.	8.489,46 €
25	Melloras no edificio socio-cultural e usos múltiples de Vilalonga	34.606,27 €
26	Reposición do firme e servizos afectados na rúa Rosalía de Castro – Esquina rúa Vigo – Sanxenxo.	22.618,21 €
27	Reforma do mercado municipal de abastos de Vilalonga.	51.304,89 €
28	Colector de augas pluviais en Vilar – Parroquia de Vilalonga	6.062,23 €
29	Ensanche de vial municipal en Lagarei – Vilalonga	38.971,35 €
30	Rehabilitación da casa de cultura de Bordóns.	109.094,10 €
31	Pavimentación de vial municipal no lugar de Sear – Bordóns	26.237,51 €
32	Acondicionamento da estrada as Canteiras – Igrexa de Noalla – Noalla	417.551,20 €
SUMA TOTAL I.V.E. INCLUÍDO		3.022.429,00 €

Segundo.- Solicitar, ó Ministerio de Administracións Públicas, financiación con cargo ao Fondo Estatal de Investimento Local para os proxectos de investimento relacionados.

Terceiro.- Remitir a documentación requirida no artigo 5.2 RDL 9/2008, no prazo establecido ó efecto.

Polo concelleiro sr. Fernández Lores preguntase qué criterios se seguiron para este reparto, contestándolle que foron as necesidades e as solicitadas polos veciños. A sra. Aguíñ Pombo indica que o fondo ten como obxectivo a contratación de traballadores desempregados. A alcaldesa indica que nas memorias xa se indica que traballadores deben de ser contratados e que os criterios serán establecidos nos pregos de condicións para cada unha das obras referenciadas e que o Concello vai facer cumprir o que dice a norma deste fondo.

Sometido a votación o punto do orde do día ofrece o seguinte resultado:

Votos a favor: Oito (grupo municipal do P.P.)

Votos pola abstención: Seis (grupo municipal do B.N.G., grupo municipal socialista de Sanxenxo e grupo mixto).

Sinala que as obras propostas poden resultar necesarias pero non xerar emprego necesariamente podendo financiarse con cargo ó orzamento municipal de 2009, e tamén indica que xa foron solicitadas polo Grupo Socialista mediante mocións presentadas para realización de obras en Baltar, Nantes e na Casa de Cultura de Bordóns.

Propón a **Sra. Aguíñ Pombo** que se aprobe con cargo a este “Fondo”, unha vella demanda do sector hostaleiro: a construción dun Auditorio para celebración de congresos coa conseguinte desestacionalización do turismo, así como unha escola taller preferentemente dirixida a mulleres. Finalmente manifesta a súa conformidade coa necesidade dos proxectos da proposta pero non se mostra de acordo coas prioridades.

O **voceiro do Grupo Municipal do BNG, D. Roberto A. Fernández Lores**, expón, dunha banda, que este RDL é reflexo da mala conciencia do Goberno estatal ante o problema do financiamento das entidades locais, repartindo fondos de forma lineal ó conxunto dos Concellos, e doutra banda, sinala que o espírito do RDL é a financiación de proxectos destinados á promoción do emprego, do turismo, ou da industria polo que o Grupo do BNG formulou a súa proposta nese senso. Indica que a proposta da Alcaldía abrangue uns proxectos que son necesarios, outros innecesarios e algúns imprescindibles que non se levaron a cabo pese a que foron reclamados polo BNG dende hai anos.

Sinala o **Sr. Fernández Lores** que as obras deben xerar emprego para un período largo de tempo polo que considera moi beneficioso a creación de obradoiros de emprego, o Decreto non serve para a finalidade que se pretende, se reparten os fondos de forma lineal de acordo có criterio do número de habitantes e sen ter en conta outras circunstancias. Finalmente di que o grupo de goberno non mantivo xuntanzas coa oposición para estudar e examinar os proxectos, e que a proposta do PP recolle obras a executar en curtos períodos de tempo que non se someterán a licitación pública.

O **voceiro do Grupo Municipal do PP, D. Ángel Casal Moldes**, inicia a súa intervención felicitando ó Goberno do Estado porque a través deste RDL reconece a gravidade da situación económica cando pouco antes a negaba, pon en dúbida que poida xerarse emprego cando finalicen as obras, e indica que o Fondo de Inversión Local finánciase coa emisión de débeda pública.

O **Sr. Casal Moldes** sinala que a proposta do grupo de goberno comprende obras, que foron consensuadas cós veciños das sete parroquias, e que se escolleron as relacionadas na proposta por adaptarse ós requisitos e prazos de execución establecidos no RDL. Vota en falta alternativas da oposición, que non se pronuncia nas comisións e si nos medios de comunicación. Continúa dicindo, en referencia á construción de naves no polígono industrial proposta polo BNG, que a Consellería de Vivenda ben podería inverter os fondos para vivenda protexida en Sanxenxo na construción de naves, xa que considera inxusto que a Xunta non colabore con este Concello na dotación de polígonos.

Manifesta **D. Ángel Casal Moldes**, en referencia á intervención da Sra. Aguíñ

Pombo, que a reforma da Casa de Cultura de Bordóns é unha obra que non contradí o RDL porque non está incluída no presuposto de 2009, e a construción dun Palacio de Congresos require un orzamento superior á inversión de 3.022.000 € prevista no “Fondo” para Sanxenxo. En referencia á intervención do Sr. Fernández Lores, indica que as obras propostas se adaptan ó RDL, non precisando de informes sectoriais que retrasarían a súa execución, e que se contratarán conforme á Lei de Contratos do Sector Público de acordo cós criterios de transparencia e igualdade entre empresas. Tamén sinala que a Deputación Provincial inverteu no Concello máis de sete millóns de euros e se pregunta canto inverteu en Sanxenxo as Consellerías gobernadas polo BNG.

D. José Luis Rodríguez Lorenzo, voceiro do Grupo Municipal Mixto e representante do VIPS, na segunda quenda de intervencións, sinala deficiencias que observa no RDL e a Orde que o desenvolve como: a falta de regulación das baixas que se poidan producir nas contratacións, ou os criterios de adjudicación a incorporar nos pregos de condicións. Indica que con este RDL non se defende ás empresas que manteñen ós seus empregados senón a quen contrate máis persoal que se encontre no paro; en definitiva sinala que a finalidade do Real Decreto regulador do Fondo Estatal de Investimento Local é baixar as listas do paro.

D^a. Dulcinea Aguín Pombo, voceira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo, sinala que as obras da Casa de Cultura de Bordóns deberan estar consignadas no orzamento prorrogado de 2008; e que si ben non discute que as obras propostas sexan necesarias, nalgúns casos xa foron obxecto das mocións do Grupo socialista, manifesta o seu desacordo coas prioridades.

D. Roberto A. Fernández Lores, voceiro do Grupo Municipal do BNG, indica en referencia á intervención do Sr. Casal Moldes, que descoñece as manifestacións efectuadas polo representante do BNG na Comisión informativa xa que o voceiro do PP non forma parte da mesma. Sinala que o PP pretende inverter os fondos previstos para Sanxenxo mediante a adjudicación de contratos menores a determinadas empresas. Expón que para crear emprego no Concello é preciso realizar inversións no polígono industrial que non precisan de informes sectoriais, e finalmente se pregunta polo senso de incluír na proposta a pavimentación dun vial en Dadrín que conduce ó parque empresarial.

A Sra. Alcaldesa, intervén para manifestar que o Fondo Estatal de Investimento Local se financia con débeda pública con cargo a tódolos españois, que o espírito do RDL é baixar a listas do paro e que non se defende ás empresas. Indica que na proposta do grupo de goberno se inclúen proxectos que se axustan ás exixencias do RDL, que polas súas características e o importe da inversión poden ser executadas en prazo e que benefician ó conxunto dos veciños, non podendo por tanto ser propostas obras de gran envergadura coma a construción dun Auditorio. Finalmente sinala que o enlace do parque empresarial coa vía rápida debera financiarse pola Xunta, como fai noutros polígonos, así como inverter na construción de naves cós fondos previstos para vivenda protexida, xa que non se debe penalizar ós veciños de Sanxenxo.

Concluído o debate, e sometido o ditame a votación acadouse o seguinte resultado:

Votos a favor: doce (Grupo Municipal do PP, Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo e Grupo Municipal Mixto).

Votos en contra: tres (Grupo Municipal do BNG).

En consecuencia, a Corporación Municipal en Pleno, por maioría, acordou :

PRIMEIRO : Aprobar os seguintes proxectos de investimento de acordo con estes importes:

Nº	DENOMINACIÓN	ORZAMENTO EXEC. CONTRATA
1	PAVIMENTACIÓN DE VIAIS MUNICIPAIS EN A GRANXA – DORRÓN	121.607,83 €
2	PAVIMENTACIÓN DE VIAIS MUNICIPAIS EN A COSTA E MAGALANS – DORRÓN	137.384,56 €
3	ACONDICIONAMENTO DO ACCESO AO NÚCLEO DE NANTES	119.663,05 €
4	COLECTOR DE PLUVIAIS E PAVIMENTACIÓN DE VIAL MUNICIPAL EN LAGAREI – VILALONGA.	28.367,10 €
5	PAVIMENTACIÓN DE VIAL MUNICIPAL EN PIÑEIROS – VILALONGA	36.616,34 €
6	ABASTECIMENTO DE AUGA E PAVIMENTACIÓN DE VIAL MUNICIPAL EN DADÍN – NANTES.	28.719,72 €
7	PAVIMENTACIÓN DE VIAL MUNICIPAL EN GONDAR – VILALONGA	20.987,64 €
8	PAVIMENTACIÓN E CANALIZACIÓNS PARA SERVIZOS URBANOS NO NÚCLEO DE BORDÓNS.	159.728,83 €
9	SERVIZOS URBANOS E PAVIMENTACIÓN EN BALTAR – ADINA	439.546,04 €
10	MELLORA DE ÁREAS INFANTÍS NO TÉRMO MUNICIPAL DE SANXENXO	280.013,13 €
11	PAVIMENTACIÓN DE VIAL MUNICIPAL EN DADÍN – VILALONGA	51.617,54 €
12	COLECTOR PARA A RECOLLIDA DE PLUVIAIS EN A SALGUEIRA – VILALONGA.	32.050,03 €
13	INSTALACIÓN DE ALUMEADO PÚBLICO NA PARROQUIA DE NANTES.	201.224,47 €
14	EXECUCIÓN DE PASOS DE PEÓNS ELEVADOS PARA A MELLORA DA SEGURIDADE VIAL EN VARIAS PARROQUIAS DO CONCELLO.	124.236,00 €
15	CONSTRUCCIÓN, SUMINISTRO E COLOCACIÓN DE MARQUESINAS PARA BUS EN VARIAS PARROQUIAS DO CONCELLO.	46.980,03 €
16	ABASTECIMENTO DE AUGA E PAVIMENTACIÓN DE VIAL MUNICIPAL EN ALDARIZ – PADRIÑAN.	54.078,77 €

17	ENSANCHE E PAVIMENTACIÓN DE VIAL MUNICIPAL EN BARREIRO – DORRÓN.	69.413,41 €
18	EXECUCIÓN DE 32 NICHOS FUNERARIOS NO CEMITERIO MUNICIPAL DE DORRÓN	43.885,68 €
19	PAVIMENTACIÓN DE VIAL EN CONTUMIL	55.331,93 €
20	INSTALACIÓN DE RECOLLIDA DE AUGAS PLUVIAIS NO LUGAR DE CARABUXEIRA – PADRIÑAN.	19.871,80 €
21	INSTALACIÓN DE REDE DE SANEAMENTO E PAVIMENTACIÓN DE VIAL MUNICIPAL EN MIRAFLORES – PADRIÑAN.	144.270,26 €
22	SOTERRADO DE LIÑA DE BAIXA TENSIÓN E INSTALACIÓN DE ALUMEADO PÚBLICO NO LUGAR DE CARABUXEIRA – PADRIÑAN.	58.302,06 €
23	PAVIMENTACIÓN DE VIAL EN SEIXAL – PADRIÑAN.	33.597,56 €
24	PAVIMENTACIÓN DA RÚA CORUÑA – SANXENXO.	8.489,46 €
25	MELLORAS NO EDIFICIO SOCIO-CULTURAL E USOS MÚLTIPLES DE VILALONGA	34.606,27 €
26	REPOSICIÓN DO FIRME E SERVIZOS AFECTADOS NA RÚA ROSALÍA DE CASTRO – ESQUINA RÚA VIGO – SANXENXO.	22.618,21 €
27	REFORMA DO MERCADO MUNICIPAL DE ABASTOS DE VILALONGA.	51.304,89 €
28	COLECTOR DE AUGAS PLUVIAIS EN VILAR – PARROQUIA DE VILALONGA	6.062,23 €
29	ENSANCHE DE VIAL MUNICIPAL EN LAGAREI – VILALONGA	38.971,35 €
30	REHABILITACIÓN DA CASA DE CULTURA DE BORDÓNS.	109.094,10 €
31	PAVIMENTACIÓN DE VIAL MUNICIPAL NO LUGAR DE SEAR – BORDÓNS	26.237,51
32	ACONDICIONAMENTO DA ESTRADA AS CANTEIRAS – IGREXA DE NOALLA – NOALLA	417.551,20
SUMA TOTAL I.V.E. INCLUÍDO		3.022.429,00 €

SEGUNDO : Solicitar, ó Ministerio de Administracións Públicas, financiación con cargo ao Fondo Estatal de Inversión Local para os proxectos de investimento relacionados.

TERCEIRO : Remitir a documentación requirida no artigo 5.2 RDL 9/2008, no prazo establecido ó efecto.-----

-

E non habendo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia da por rematada a sesión sendo as vinteúnha horas e cincuenta minutos, de todo o que, eu Secretario, **DOU FE** :

